MARTES 19 MAIO 2020

CONTO: POLO CAMIÑO.

https://www.youtube.com/watch?v=rXhSukIBYf8



1. Escribe o título do conto e os animais aparecen nel.
2. En tarxetas escribimos os animais e algún dos alimentos que levan. Trátase de relacionar animais—alimentos.

RATOS	OSOS	PITOS	BECHOS
MEL	TORTA	QUEIXO	MILLO

3. Debuxa un cartel de aniversario para a balea.

MARTES 19 MAIO 2020

LÓXICA MATEMÁTICA

Preparamos un taboleiro con varios número. Con pezas de construción, lego ou tapas faremos torres coa altura que nos manda o cardinal.





Sesión música infantil do 18 ao 22 de maio

Se tedes calquera dúbida ou queredes compartir algunha actividade aquí vos deixo un correo de contacto musicacrapontedapedra@gmail.com

1º Audición da canción **Alborada das pitas**(preme para ver) do grupo A banda das pitas

-Gustouche a canción? Por que si/non? Que instrumentos recoñeciches? **A canción que acabamos de escoitar está baseada no relato (ou conto) As pitas baixo a choiva, do escritor galego Ricardo Carvalho Calero**(preme para ver)**. O pasado domingo 17 de maio celebrouse o día das letras galegas, adicadas este ano 2020 a Carvalho Calero**(preme para ver)**.**

2º Cantamos e bailamos a canción **Alborada das pitas**(preme para escoitar)

-Aprendemos o retrouso da canción, é moi sinxelo.

kikirikirikí, o día xa está aquí... kikirikirikí, esperta hai que bulir.

-Cantamos (recitamos/dicimos) o retrouso varias veces dando palmas, dando palmas nas pernas, no peito, no cu, pisando no chan...

-Bailamos a canción do seguinte xeito: Cando soan as pitas e o galo movémonos como se fosemos galiñas ou galos cacarexando. Cando cantan podemos bailar libremente, cantando a letra da canción, polo menos o retrouso que acabamos de aprender.

3º Diversidade musical.

-Ao longo do mundo existen e conviven diferentes culturas, cada unha coas súas características propias, entre elas a música e o baile. Hoxe imos a cantar e bailar o **A Ram Sam Sam (A rum sum sum),** unha canción e baile tradicionais arabes que nos chega dende Marrocos, no continente africano.

-Aquí vos deixo unha pequena adaptación do baile e da canción para que cantedes e bailedes, é moi moi sinxela...**A Ram Sam Sam (A rum sum sum)**(preme para ver).

4º Pintando As pitas baixo a choiva.

-Facemos un debuxo mentres escoitamos a canción **As pitas baixo a choiva**(preme para escoitar) do grupo A Banda das pitas.

-Se as nenas ou nenos prefiren colorear aquí lles deixo 2 fichas das **pitas** (preme para descargar)

5º RETO DESTA SEMANA!!

-Esta semana é moi especial. O 21 de maio celébrase o día mundial da diversidade cultural, e o 22 o día mundial da diversidade biolóxica. A Terra é un planeta extremadamente diverso bioloxica e culturalmente, e de nós depende que o siga sendo. En Galicia somos moi afortunados pois temos unha gran riqueza cultural (a lingua galega, a música, a arquitectura…) e tamén biolóxica (montañas, praias, lagoas, rías e ríos…). Aquí vos deixo un vídeo onde poderedes escoitar os sons dalgúns animais dun lugar galego especialmente diverso, Os montes do Courel... **Obradoido Sons da Natureza**(preme para ver) da Aula da natureza de Moreda. Agardo que vos guste.